

## *O tempo como espacio*

FERNANDO CASÁS

Cando o meu regreso a Galicia, vinte anos despois de que de ben cativo me levaran para o Brasil, atopei o que deixara e máis lembraba: as austeras casas de pedra, as carballeiras, os carreiros e corredoiras polas que acostumaba a buscar grilos co meu avó; mais, por riba de todo, seguía presente no ar o cheiro que aspiraba ao entrar afoutiñando no escuro da bodega. Pola contra, a maior novidade, que supuxo para min un grande impacto, foi comprobar que o litoral de pedras erosionadas do meu país correspondíase á perfección coas obras que viña desenvolvendo no Brasil.

Nos trópicos, a vida é radicalmente contraria. A penas hai diferenza entre as estacións do ano, pero intúes un cambio continuo e vertixinoso. Non é a néboa quen tende o seu veo, é a natureza a que te envolve e domina. Xustamente esa natureza que impón a súa presenza propiciará as miñas primeiras experiencias na arte, cando o simple observar os procesos naturais desataron en min resultados que denominei “**Proxectos Idiotas**”.

A estes proxectos sumáronse as “**Entradas na Natureza**”, nas que facía pequenas intervencións que despois eran levadas pola intemperie ou simplemente polo paso do tempo. Así, á volta de 1965, nunha pequena cala deserta ao sur de Río de Janeiro, mentres axudaba a un amigo a pintar a casa dos seus pais, fixen cos restos da pintura azul uns círculos a xeito de sendeiro que se perdía cara ao mar. Uns anos despois retomei aqueles círculos, que naceran de forma casual, como protesta contra a construción dunha central nuclear preto de Angra dos Reis. Viñan aqueles círculos cunha carga política que trataba de poñer en evidencia a perversidade dun sistema económico que, construindo, destrúe. Chameilles “**Proxecto Errante**”, e convertéronse nunha práctica recorrente á que remato sempre retornando.

Naquelas camiñadas polo interior e polo litoral recollía detritos traídos polas mareas ou restos de madeira corroídos por insectos ou pola mesma intemperie. A acumulación destes materiais levoume a buscar un método, o cal me permitiu chegar á comprensión de que o material indica a propia forma de pensar plasticamente unha situación, ensinando o camiño a seguir na súa relación coa creatividade, aínda que penso que na arte o máis importante é o concepto, non o material ou a busca da forma. Así naceu o primeiro proxecto desenvolvido como serie, que é o meu particular xeito de traballo: o “**Ciclo do Cupim**” (Ciclo da termita). Estes insectos, na súa busca do alimento, da procreación e do abrigo, forman e conforman os

seus espacios nun xogo de vida e morte, pois o movemento de construír e alimentarse é tamén o de destruír o seu mundo. Abrindo as madeiras comestas pola termita, desvélese un mundo subterráneo que antes non coñecera a luz, expóndose así os ámbitos do descoñecido interno, evidenciando a entropía e o paso do tempo que involucra unha gama infinita de posibilidades. Este ciclo, que se desdoubrou en “**Reciclo**”, en “**Ciclo, Reciclo, Labirinto**” e logo en “**Eros / ión**” levoume case dez anos de investigacións. En 1979 trouxen o “**Ciclo, Reciclo, Labirinto**” a Vigo, Santiago de Compostela e Barcelona.


Mentres seguía coas madeiras, comecei a traballar coa pedra dun xeito máis constante. A exposición “**Longa Noite de Pedra**”, en referencia ao poema de Celso Emilio Ferreiro, constou, entre outras obras, dun grande bloque de granito partido e recomposto, colocado na pequena calexa que levaba á galería, de tal xeito que case pechaba o paso á entrada. Despois busquei unha serie máis metafórica, traballando con papeis feitos a man, con “**Terra Camuflada**” e principalmente con “**Amazonas, serie negra**”, onde buscaba reflectir a destrución da selva brasileira a través de grandes paneis, dispostos polas paredes e polos chans das galerías e que, polo seu proceso de secado, despedían un intenso cheiro a queimado que dominaba o ambiente durante as exposicións.



*Longa Noite de Pedra / Terra*  
(1981-1982).

O “**Diario de Viaxe**” foi preparada ex profeso para expoñerse en Vigo, nunha época na que aínda vivía no Brasil. Como Gulliver traendo as vacas de Liliput, o Diario de Viaxe traía pequenas testemuñas de vida a través da evidencia do paso da intemperie e de insectos exóticos, sendo a sistematización da miña propia experiencia nos trópicos os recordos da viaxe iniciática na maleta do viaxeiro. Formalizaba así a visión dun europeo e a súa chegada aos trópicos virxes. Desta forma, en 1988 comecei a traballar no “**Proxecto Retorno**”, que sería a volta deste viaxeiro ao seu país de orixe e de cómo o atoparía. Este proxecto non chegou a realizarse, aínda que foi publicado como proposta; así e todo e dentro da miña teoría de que non se pode ver a obra desvinculada do artista, este proxecto si foi como a materialización do meu regreso. Volver ao país de orixe, instalar o novo taller na vila onde un naceu, despois de abandonar unha urbe como Rio de Janeiro, supón un

punto de inflexión. Esta decisión, por paradoxal que semelle, traducíuse para min nun proceso de desterritorialización, no que os contactos co contorno se deron de forma arqueolóxica coa retirada, a través do proceso do poliéster de capas das paredes da casa familiar que abrigaba o estudio, ata chegar á estrutura de pedra. Este material, ao que chamei “**Restos Arqueolóxicos**”, transformouse nun palimpsesto da memoria onde unha experiencia, en principio moi persoal, desenvolveuse nunha dimensión universal, pois as obras así orixinadas parecían unha cartografía cósmica, dando lugar á serie “**Cosmos**”, entre outras.




*Erosão / Cerca. Troncos de valado de pasto erosionados polo vento e a chuva e madeira industrializada. (1980)*

Aínda traballando co poliéster, pero con técnica mixta, fixen 1492 “trozos” de técnica mixta sobre este material, cos que cubrín enteiramente as paredes da galería Afinsa de Madrid na data exacta do aniversario do “descubrimiento” da América, nunha instalación á que lle chamei “1492. Fragmentos de América”, querendo significar así unha visión crítica deste feito e das súas consecuencias, nunha metáfora da realidade latinoamericana: as súas terras e riquezas foron arrancadas e esparexidas polo mundo.

Seguín tamén traballando coa madeira. A mediados dos noventa, para ensanchar unha pequena estrada que leva a Poboia de Trives derribáronse ducias de castiñeiros centenarios. Unha destas árbores, á que denominei “**Proxecto Castiñeiro**”, foi carbonizada e exposta no porto de Vigo ao longo do verán de 1997, como punto de reflexión sobre a destrución da natureza e os seus ciclos de vida e morte. Noutro momento sentín a necesidade de cambiar de rexistro e fixen algún vídeo, como “Orixás”, que recupera a memoria dos rituais africanos no Brasil, ou “Espacio/tempo: o que Einstein viu dende a súa ventá”, que xoga coas ideas deste físico, aproveitando a súa estancia naquel país na primeira metade do século pasado.

Do Camiño de Santiago que os camiñantes, guiados polas estrelas, transformaron en espello do cosmos sobre a terra recollín, nos últimos días de 1999, tres tipos de terra que espaxé sobre papel artesanal impregnado de cola, resultando unhas imaxes metafóricas da Vía Láctea. Esta obra ligada ao cosmos levou a outro tipo de indagación, a da fronteira entre a arte e a ciencia, onde aparece o diálogo sobre a creación. Investigando nesta liña, atopei un interesante momento

*Ashé I. (1992)*

entre finais do século XIX e comezos do XX, cando o médico e investigador Justinus Kerner desenvolveu un xogo de creatividade ao que denominou Klecksografia, baseado nas manchas de pintura (kleck, en alemán). Sobre este xogo foi concibido o test de Rorschach, que busca un diagnóstico psicolóxico a través da interpretación destas manchas. Dende hai algún tempo veño desenvolvendo unha obra nesta liña. Esta serie de “**Cartas para Justinus Kerner**”<sup>3</sup>, que se recolle en parte neste número da Revista de Estudos Miñoranos, está dentro desta mesma simbiose metafórica, onde o particular universo se xera a través dun proceso no desenvolvemento consciente.

Paralelamente, outros traballos seguen, recollendo certas ideas, investigando cun ou outro material. Sen embargo, úneos a todos unha preocupación básica: evidenciar o paso do tempo e as transformacións entrópicas e, sobre esta base, traballar coa memoria, non en sentido nostálxico, pero si crítico, buscando construír unha territorialidade onde a percepción pode axudar a construír outra forma de existencia.

#### Justinus Kerner

Naceu no ano 1786, en Ludwigsburg, Alemaña, onde morreu en 1862.

Estudou medicina en Tübingen, na práctica desta especialidade detectou e publicou a primeira documentación sobre un caso de botulismo. Foi poeta e redactor de ensaios, publicando diversas obras. Creou un xogo de manchas chamado **Klecksografia**, sobre o que publicou un libro. Este xogo foi moi popular no seu tempo e resultou ser a base sobre a que posteriormente **Rorschach** desenvolveu o seu test para diagnósticos psicolóxicos.







Fernando Casás  
*Carta para Justinus Kerner n° 28 B*  
Monotipia s / papel  
297x210 mm  
Xuño 2003



Fernando Casás  
*Carta para Justinus Kerner n° 23 B*  
Monotipia s / papel  
297x210 mm  
Xuño 2003



Fernando Casás  
*Carta para Justinus Kerner n° 18 B*  
Monotipia s / papel  
297x210 mm  
Xuño 2003



Fernando Casás  
*Carta para Justinus Kerner n° 11 B*  
Monolípia s / papel  
297x210 mm  
Xuño 2003





Fernando Casás  
*Carta para Justinus Kerner nº 13 B*  
Monotipia s / papel  
297x210 mm  
Xuño 2003



Fernando Casás  
*Carta para Justinus Kerner nº 32 B*  
Monotipia s / papel  
297x210 mm  
Xuño 2003




Fernando Casás  
*Carta para Justinus Kerner n° 21 B*  
Monolípia s / papel  
297x210 mm  
Xuño 2003







Fernando Casás  
*Carta para Justinus Kerner n° 14 B*  
Monotipia s / papel  
297x210 mm  
Xuño 2003



Fernando Casás  
*Carta para Justinus Kerner n° 17 B*  
Monotipia s / papel  
297x210 mm  
Xuño 2003




Fernando Casás  
*Carta para Justinus Kerner n° 22 B*  
Monotipia s / papel  
297x210 mm  
Xuño 2003



Fernando Casás  
*Carta para Justinus Kerner n° 35 B*  
Monotipia s / papel  
297x210 mm  
Xuño 2003






Fernando Casás  
*Carta para Justinus Kerner n.º 36 B*  
Monotipia s / papel  
297x210 mm  
Xuño 2003




Fernando Casás  
*Carta para Justinus Kerner n° 39 B*  
Monotipia s / papel  
297x210 mm  
Xuño 2003



Fernando Casás  
*Carta para Justinus Kerner n.º 31 B*  
Monotipia s / papel  
297x210 mm  
Xuño 2003





Fernando Casás  
*Carta para Justinus Kerner n° 15 B*  
Monotipia s / papel  
297x210 mm  
Xuño 2003

**Fernando Casás**  
**Árboles como arqueología**  
 Inauguración:  
 Domingo, 11 de mayo de 2003, 12.30 horas  
 Ermita de la Virgen de la Corona  
 Piracés, Huesca

Richard Long. A cente in Huesca. 1994. Impugnación en Piracés.

Ulrich Rückriem  
 Siglo XX, 1995  
 20 estelas. Granito Rosa Porrño  
 Abiego. Huesca

Siah Armajani. Benc, 2000. Bello, Huesca

**Huesca**  
**Arte y Naturaleza**

Richard Long  
 Ulrich Rückriem  
 Siah Armajani  
 Fernando Casás

El proyecto Arte y naturaleza pretende articular una serie de acciones cuyo fin último es estudiar y potenciar las relaciones entre el arte y la naturaleza, utilizando como marco territorial la provincia de Huesca. El eje central del proyecto es la creación de obras de arte en lugares escogidos de su medio no urbanizado, recogiendo las experiencias del land art, del arte público y de otros comportamientos heterogéneos que han utilizado el territorio o la naturaleza como pretexto para la creación artística.

Poliptico da Deputación de Huesca no que salienta a obra de Fernando Casás *Árboles como arqueología*. Piracés, Huesca. 2003. Este proxecto contempla a creación de dez esculturas de destacados artistas internacionais, a ser instaladas en lugares non urbáns da provincia de Huesca. Xa están inseridas na paisaxe as obras de Richard Long, Ulrich Rückriem, Siah Armajani e Fernando Casás; en proxecto están as de David Nash e Hidetoshi Nagasawa.

## O MEU VAL MIÑOR

---

- *O meu Val Miñor*, por Fran Alonso
- *Os ollos de Rembrandt*, por Demetrio López Garrido
- *Falade ós carballos*, por Chema Bouzó
- *Tiña que ser en Gondomar*, por Miguel Anxo Mouríño
- *Estampas Gondomareñas II*, por Antonio de Bade

